

TRIBUNAL DE SELECCIÓN DO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR AS PRAZAS DE PERSOAL EMPREGADO INVESTIGADOR DO MARCO DE ESTABILIZACIÓN EXTRAORDINARIA DE EMPREGO TEMPORAL CONVOCADO POR RESOLUCIÓN REITORAL DO 7 DE DECEMBRO DE 2022

O tribunal, reunido en sesión extraordinaria o 4 de setembro de 2023, acordou darlle publicidade aos seguintes acordos relativos á realización da proba de lingua castelá convocada para o 11 de setembro de 2023 (acordo do tribunal do 30 de agosto de 2023):

1. Realización da proba

As persoas aspirantes deberán asistir provistas dun documento oficial vixente que permita a súa identificación: DNI, NIE, pasaporte ou permiso de conducir. Para a realización da proba, empregarase bolígrafo azul ou negro.

2. Criterios de corrección

O nivel de coñecemento de español correspóndese co nivel B2 do *Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación*, elaborado polo Consello de Europa.

A proba de ELE consta de tres partes: proba de comprensión lectora, proba de comprensión auditiva e expresión escrita e proba oral.

1. **Proba de comprensión lectora.** Consta de dúas tarefas: un texto con preguntas de comprensión, de opción múltiple e un texto con ocos con preguntas de opción múltiple de gramática e vocabulario, cunha duración total de 40 minutos.
2. **Proba de comprensión auditiva e expresión escrita.** Consta de dúas tarefas: unha tarefa na que se escribirá unha carta relacionada cunha audición previa e unha tarefa -con dúas opcións- na que se escribirá un texto nun *blog*, foro, xornal ou revista, cunha duración total de 80 minutos.
3. **Proba de expresión oral.** Consta de dúas tarefas: unha tarefa con dúas opcións na que se fará unha valoración sobre unhas propostas preparadas previamente e unha conversa coa entrevistadora sobre o tema e unha tarefa na que se describirá unha situación imaxinada a partir dunha fotografía e se conversará sobre ela. A duración total da proba oral é: 15 minutos de preparación + 20 minutos de realización da proba.

Os criterios seguidos para avaliar cada unha destas partes son os seguintes:

1. **Comprensión lectora.**
Avaliarase a capacidade de comprender as ideas esenciais e a información específica en textos informativos complexos así como a habilidade para localizar información específica e relevante e inferir actitudes ou valoracións da autora ou autor do texto.
2. **Comprensión auditiva.**
Avaliarase a capacidade de captar as ideas principais e extraer información concreta e detallada dun texto oral de carácter informativo.
3. **Expresión escrita.**
Avaliarase a ADECUACIÓN, que se responda á situación requirida e se teña en conta a quen se dirixe o texto e, en xeral, se axuste ao estilo e ás convencións do xénero aínda que poida presentar algunha inconsistencia.

Avaliarase a COHESIÓN e a COHERENCIA, que os textos sexan claros, coherentes e estruturados, que amosen un control limitado pero adecuado dos mecanismos de cohesión.
 Avaliarase a GRAMÁTICA, que manteña un bo control gramatical aínda que haxa algúns erros non sistemáticos que non producen malentendidos e que a ortografía sexa razoablemente correcta aínda que poida aparecer algún erro que non impida a comprensión.
 Avaliarase o LÉXICO, que teña un bo vocabulario e un dominio razoable de expresións idiomáticas e coloquiais, que permitan expresarse con claridade e cun estilo apropiado aínda que haxa algunha imprecisión léxica de escasa importancia..

4. Expresión e interacción oral.

Avaliaranse a COHERENCIA e INTERACCIÓN, que o discurso sexa claro e coherente e que se manteña a conversa de maneira adecuada colaborando coa persoa interlocutora.

Avaliaranse a FLUIDEZ e a PRONUNCIA, que o discurso manteña un ritmo uniforme, con poucas pausas longas. Que a pronuncia resulte claramente intelixible, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro e poida haber erros esporádicos.

Avaliarase a GRAMÁTICA, que se amose un control gramatical relativamente alto aínda que se poidan cometer erros que non provoquen a incompreensión.

Avaliarase o LÉXICO, que se dispoña dun amplo repertorio lingüístico que permita facer descrições claras e expresar puntos de vista sobre temas xerais, aínda que se poida cometer algunha imprecisión ou incorrección.

RESULTADOS DO EXAME

PROBA DE COMPRENSIÓN DE LECTURA (Máximo 20 puntos)	DE DE	1ª tarefa: 5 puntos 2ª tarefa: 15 puntos	20 puntos
PROBA DE INTERACCIÓN E EXPRESIÓN ESCRITAS (Máximo 30 puntos)	DE E	1ª tarefa: 15 puntos 2ª tarefa : 15 puntos	30 puntos
PROBA DE INTERACCIÓN E EXPRESIÓN ORAIS (Máximo 20 puntos)	1ª tarefa	Fluidez / Pronunciación: 2, 5	20 puntos
		Coherencia / Interacción: 2,5	
		Corrección gramatical: 2,5	
		Vocabulario: 2,5	
	2ª tarefa	Fluidez / Pronunciación: 2,5	
		Coherencia / Interacción: 2,5	
Corrección gramatical: 2,5			
Vocabulario: 2,5			
NOTA FINAL:			70 PUNTOS APTO: 50%

Para obter a cualificación de APTO é necesario obter un 50% en cada apartado.

A presidenta do tribunal

Laura Elena Sánchez Piñón

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: LAURA ELENA SANCHEZ, NIF ***2975**, 05/09/2023 09:01:38.

CSV: 4546-FAA5-4407-A039